

E. Fidalgo / X. Varela (2008): “Achegas para a edición crítica da *Cantiga de Valcavado*”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 145-154.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ACHEGAS PARA A EDICIÓN CRÍTICA DA *CANTIGA DE VALCAVADO*

Elvira Fidalgo
Xavier Varela

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. No volume publicado pola Universidade de Alicante en homenaxe a A. Zamora Vicente, quen agora é honrado neste volume participara cunha contribución¹ na que se achegaba a ese campo aínda a medio explorar, coñecido comunmente como *a cantiga de Valcavado* ou *a cantiga do rei Fernando III*, xa que os seus primeiros editores² atribuíran a este monarca a súa autoría. Por tratarse dun terreo amable para el, atrevémonos a retomala de novo co desexo de ofrecer algún dato máis que permita coñecer algo mellor tan curiosa cantiga³.

Xa X. L. Couceiro no traballo aludido fixo un concienzudo repaso polo estado da cuestión con respecto ós estudos sobre o texto, así que, como non é esta a ocasión de malgastar espazo, remitimos a esa publicación a calquera que queira saber como e cando foi descuberta a cantiga, detalles do *Beato* que a contén e demais particularidades que inclúen tamén hipóteses sobre a autoría. Pero para poñer en situación o lector, non podemos deixar de dicir que a cantiga foi copiada no fol. 3r do *Beato de*

1 J. L. Couceiro, “La cantiga anónima del Beato de Valcavado”, *Homenaje a Alonso Zamora Vicente* (C. Alemany, ed.), Universidad de Alicante, 2003, vol. II, pp. 527-536.

2 E. López-Aydillo - S. Rivera Manescau, “Fernando III, poeta gallego-portugués. Una cántica desconocida del rey santo”, *Revista Histórica*, 1, 1918, pp. 3-12 e a *continuación* a este primeiro traballo no número 2, 1918, pp. 33-72. Para simplificar, en adiante, López-Aydillo.

3 Por comodidade, chamaremoslle *cantiga* a este texto aínda que nada sabemos de se estaba concibida para ser cantada ou non.

Valcavado, en texto corrido, sobre un documento anterior que contiña o listado (en latín) dos bens mobles, sobre todo obxectos de prata, que o mosteiro cedera en préstamo á raíña dona Urraca. Máis dun século despois, un frade borrou un destes documentos con auga e un trapo co fin de obter espazo para copiar unha oración dirixida á Virxe; pero fixoo de xeito tan apresurado, a xulgar polo estado do pergameo, que o texto que intentaba borrar aínda se transloce no medio do novo, o cal dificulta moito a lectura da cantiga, difícil xa en si pola mala caligrafía e a ruín calidade da tinta con que foi copiada⁴. Con este panorama, atopámonos cun fragmento de dez liñas en galego-portugués, salpicado, sobre todo, de latinismos, ó que lle seguen outras dúas liñas de texto en latín e dúas máis que conteñen outro fragmento da cantiga, que continúa a través doutra que aproveita a marxe en branco do folio. Aínda hai outros dous renglóns en galego e despois xa o resto do folio está escrito en latín. A este esnaquizamento do texto hai que lle engadir a precaria condición en que se atopa, tanto polo pésimo labor da preparación da superficie da escritura á que me acabo de referir como polo paso do tempo e o emprego de reactivos químicos aplicados por López-Aydillo e Ribera Manescau nun intento de ler o máis posible desta cantiga que tanto lles chamou a atención. De todos os xeitos, dese mal procede o ben de ter as primeiras propostas de transcripción paleográfica e de edición crítica que, aínda que melloradas por Ruiz Asencio, abriron o paso por esa selva tan difícil de expugnar.

2. A lectura que hoxe propoñemos aquí débelle moito a estes esforzos anteriores, xa que as súas interpretacións abriron os nosos ollos, ás veces incapaces de converter febles trazos e puntos soltos en letras; con todo, cremos que as diverxencias do noso texto con respecto ás lecturas anteriores, dan algo máis de sentido a algúns versos que eran absolutamente incongruentes nas edicións previas. Velaí a nosa proposta⁵:

- 1 Virgen madre gloriosa
 do Rei que todos manten,

4 López-Aydillo (pp. 6-7) descríbela así: “Las letras rehuyen el cursivismo de las albalaes; están desligadas, independientes y cuando se acercan, se nexan más veces que se ligan. (...) La lectura se hace dificultosa por el desvanecimiento de la tinta, el contraste y, en algún caso, yuxtaposición del texto gallego y latino, y el arrugamiento del pergamino...”. Pola súa banda, J. M. Ruiz Asencio, que reedita o texto no estudo introdutorio ó *Beato de Valcavado* (“El código del beato de Valcavado” en *Betao de Valcavado. Edición facsímil*, Universidad de Valladolid, 1993, pp. 37-48) é implacable co copista: “... es casi un iletrado, como ponen de manifiesto el pésimo corte de pluma, la inseguridad de la mano, que es incapaz de mantener los renglones rectilíneos, lo burdo de los caracteres, la barbarie, en fin, que supone la elección de un precioso libro para copiar su cantiga” (p. 46).

5 Regularizamos *u/v* mantendo a grafía *u* con valor vocálico e *v* con valor consonántico, e o mesmo facemos con *i/j* (reservando a grafía *j* para representar a consoante prepalatal fricativa sonora), e unificamos a *s/l* xa que carecen de valor fonolóxico; mantemos a distinción *b/v* segun-

manse, saje, piadosa,
ad ti servir don nos e[s]⁶;
5 danos parte en⁷ tan gran ben,
noble, rica, poderosa,
segur' é qui ad ti vén,
de Deus madre, filia, esposa,
q[ui]⁸ sin ti es non val ren.

10 Dere[c]to⁹ ás de nos manter
ca per nós eres tu tal¹⁰;
si Deus quis tu filio ser,
cosa tan descumunal,
per nós fu e non per al,
15 que dixemus d'el creer,
a nós fezimus gran mal,
ja tu ben o podes ver,
tort' es si te[u] ben nos fal.

20 Viu Deus la nosa coita,
per én quisu de ti nacer;
dio en ti grat[i]a multa,
en ti por nos ben fazer.
Virgin do bon falecer,
facnos tuas, semper ducta,

do aparece no texto; nos vv. 38 e 41 a nasal palatal e a lateral palatal represéntanse por *n* e *l* respectivamente. Para a unión e separación de palabras seguimos os criterios actuais, e marcamos cun apóstrofo as elisións. As abreviaturas desenvólvense segundo a práctica habitual. Aplícase a acentuación diacrítica. Acompañase o texto crítico da cantiga dun aparato no que se rexistran os erros de copia na primeira franxa, as particularidades gráficas na segunda e as diverxencias coas edicións precedentes na terceira.

- 6 Unha mancha redonda impide ver cal é letra escrita, aínda que sobresaia na parte superior da mancha unha hasta vertical que podería corresponder a un *l*. Mesmo podería ser que sobre a mancha se intentase escribir novamente un *l*, pero de tamaño axustado a ela.
- 7 Na marxe esquerda, á altura das liñas dúas e tres figura en sentido vertical o texto *tã g[ra]n*, ó que se remite mediante un signo de envío que está sobre *no* (Vid. primeira franxa do aparato crítico).
- 8 Hai unha mancha redonda que agacha o texto. Aceptamos a solución de Ruiz Asencio que propón *qui*, xa que parece que no texto se diferencia entre *qui* (suxeito) e *que* (obxecto directo).
- 9 Entre o *e* e o *t* hai restos dun trazo curvilíneo de difícil interpretación. Baseándonos neste e nos frecuentes latinismos existentes no texto e grupos *-ct-* conservados (*nocte*, *ducta*), propoñemos a existencia dun *c*, aínda que os editores anteriores optan pola palatalización da velar.
- 10 A palabra escrita na entreliña superior está moi desdebuxada.

- 25 non¹¹ nos leixees perecer
 a la nosa maior coita:
 facnos a deu[s]¹² ver.
- Te[u] tan gran¹³ poder veemus,
 que¹⁴ puedes a Deus rogar,
 30 da gran coita que sofremus
 puedes gran¹⁵ virtut most[rar].
 Virgin do bon semejar,
 quanto nós menos valemus
 tan nos debes más amar,
 35 [...]¹⁶
 [...]
- Falid' es qui per al fia
 nin otro aí por senor,
 sino a ti virgin M[aria],
 40 más bela de nula flo[r],
 dona das outras melor,
 a ti loar nocte e día,
 e da a nós¹⁷ sên e sabor,
 Regina¹⁸ a bon [...]
 45 [...]
- Virgin madre gloriosa
 do Rei que todos manten,
 manse, sagi, piadosa,
 segur' é qui ad ti vén;
 50 danos parte eno teu ben,

-
- 11 **A** palabra está bastante borrosa, sobre todo o *o*. Non é perceptible se ten ou non o signo de nasalidade, pero tendo en conta o resto dos casos, optamos por desenvolver a nasal.
- 12 **A** palabra está no bordo do pergameo que claramente foi recortado, desaparecendo así o *-s* final.
- 13 *tã g[r]ª[n]* figura, como no caso anterior, en anotación vertical na marxe esquerda.
- 14 **A** vogal palatal semipechada está sobreposta ó grafema *u* para, seguramente, corrixir o *j*, malia non estar este riscado nin subpunteado.
- 15 **O** único visible é o *g*, pero parece que hai un trazo enriba que está esluído ou borrado, que ben podería ser o *a* visigótico.
- 16 **É** ílexible o que vén a continuación, pero podemos conxecturar que faltan dous versos, o resto do 35 e o 36, para completar a estrofa, supostamente, de nove versos.
- 17 **A** preposición *a* está moi esluída, case imperceptible
- 18 **O** *R* está solto no verso anterior; o resto, *Egina*, aparece por baixo, cun *E* e un trazo bastante longo sobre o *i*, que non parece formar parte da grafía do sustantivo.

noble, rica, poderos[a]
[...]
[...]
[...] pera sempre Jesu[s], amen.

1 gñisa 5 et no (*texto corrixido*) gn 18 te (*o resto é ilexible, pero hai unha marca que remite á anotación da marxe esquerda*) 21 g^aata 25 no (*texto borroso*), sperecer 28 Te 29 quj^c 30 sofem⁹ 31 most 39 m 40 flo 43 dea nos 51 poderos 54 jesv

1 uirgen, made 2 māten 3 māse 4 serujr, dō 5 bē 6 pođeosa 7 tj, uen 8 d^{es}, made 9 nō, ual 11 p 12 sj, de 13 tā 14 p, nō, p2 16 fezm⁹, g^a 17 bē, uer 19 uiu 20 p 22 bē 23 u'irgin 24 semp 25 specer 27 dē, uer 28 tā, g^a, pođe, ueem⁹ 29 pue^{des}, dē 30 g^a, cojta, sogrem⁹ 31 g^a, uirtut 32 uirgin 33 ualem⁹ 34 deus 37 p 38 njn 39 uirgin 46 uirgī, made, gñiosa 47 rej, mantē 48 māse 49 uē 54 amē

1¹⁹ madere RA 2 ca todos LA 4 a(d)²⁰, nos en LA 5 en no teu ben LA; enno tu ben LA 7 quen a ti LA 8 filla LA 9 que sin ti el LA 10 dereito LA, RA; manteer LA 11 ca para nos és LA 12 teu fillo seer LA 13 cousa LA; descumunal RA 14 por nos fui LA 15 leixemus LA; d'el creer LA, d/el creer RA 17 tu ben nos podes veer LA, tu ben podes ver RA 18 tortes LA, RA; si tu LA, RA; tan gran (*om*) LA, RA 20 por en LA, quis LA, quiso RA; naçer LA 21 diu LA, graça tan m[oi]ta LA 23 do bon parecer LA, de bon parecer RA 24 fa[z] nos c[omm]'as sempre d[oi]ta LA, fac nos tu as RA 25 no[n] nos leixees pereçer LA 26 nostra RA 27 fa[z] nos [lo çeo] veer LA, fac/nos idem RA 28 Teu podere [nos] LA, te[u] podere 29 quen p[o]des LA, quien pue[de]s RA 31 p[o]des, virtu[d] LA, mover RA 32 de RA, seme[ll]ar LA 34 ma[i]s LA 35 *om* LA, RA 37 é(s) qu[en] LA, falides RA 38 nin o[u]tro á LA, non outro ai 39 si non LA 40 ma[i]s LA, fror LA, RA 41 o[u]tras LA, meior RA 42 no[i]te 43 dea-nos LA, de a nos RA; sene RA 44 e gran maña LA 49 segure 50 tou, RA; poderos RA²¹.

3. O primeiro que chama a atención do texto da cantiga, a nós e ós estudosos anteriores, é o seu primitivismo. Desde o punto de vista caligráfico, pouco se pode engadir ó xa dito polos outros editores²²; en poucas palabras, que o copista, de escasa

19 Sinalamos por RA a edición de Ruiz Asencio e por LA a de López-Aydillo. Non consideramos a edición de Filgueira porque segue a de López-Aydillo e a súa proposta é, ás veces, máis unha interpretación que unha lectura. Por comodidade, omitimos as lecturas nas que a única variación se debe á non regularización de u/v.

20 López-Aydillo mete entre parénteses o que el considera grafías “superfluas”, o que creo que se debe entender como que deberían omitirse na edición, polo que aquí ímolos considerar como lecturas diverxentes cando aparezan.

21 López-Aydillo non edita a última cobra.

22 Véxase o exposto nas notas precedentes para a descrición de López-Aydillo e as pp. 42-43 do traballo de Ruiz Asencio para os detalles do *Beato* en xeral, e 45 para o texto da cantiga en particular, ó que se pode engadir a opinión (recollida arriba) que lle merece o copista.

educación gráfica, escribe cunha letra usual, intentando imitar a letra orixinal do códice, visigótica, moi coidadosa, fácil de ler e que é a referencia gráfica que ten estoutro escriba, que a executa torpemente porque non é un profesional da escritura. Desde o punto de vista da factura, o texto é igualmente arcaizante, pero non tanto porque sexa un dos primeiros intentos de compoñer unha cantiga como as que levará á súa perfección técnica e formal o rei Afonso nas súas cantigas marianas (tal como supoñía López-Aydillo ó atribuírlle a autoría do texto ó rei Fernando III²³), como por ser un intento de composición dun himno mariano por alguén que está afeito a velos (ou a compoñelos) en latín, pero que se sente moi incómodo escribindo en galego-portugués, pola falta de competencia escrita nesa lingua, por moito que ésta fose a *koiné* da lírica mariana, en particular, e da poesía en xeral.

Parécenos evidente que o autor do texto está pensando en latín e fai un loable intento de escribir na lingua propia das cantigas marianas, pero a lingua clásica, a de uso común en ambientes eclesiásticos, exerce unha presión tan forte que se filtra practicamente en cada verso. Pero non é menos verdade que certa familiaridade con algunha das cantigas afonsinas garda, sen que esta afirmación vaia máis alá de que ambas beben da mesma fonte ou que aspiran a un modelo común. Lamentablemente, non podo compartir o entusiasmo de López-Aydillo quen, despois de repasar os esquemas métricos das cantigas de loor, deduce que a *cantiga de Valcavado* é o precedente da cantiga 340, a coñecida como *alba*, reforzando a súa hipótese co reconto das escasas cantigas profanas que comparten o mesmo modelo de estrofa de nove versos, o cal vén confirmar, segundo eles, o carácter primitivo (tamén no tempo) do texto, ignorando que a *alba* afonsina é, como hoxe se sabe, un *contrafactum* da *alba* de Cadenet.

Pero en liñas xerais, é certo que o texto responde ó prototipo da maioría das cantigas de loor, e tamén nesta se recollen os tópicos máis recorrentes cos que o culto mariano adorna a figura da mai de Cristo. Na primeira estrofa, a Virxe é vista como a muller humilde e obediente que foi escollida para ser a mai de Deus; na segunda é invocada na súa función máis estimada polo home e máis valorada na Idade Media: a de mediadora entre Deus e os homes, xa que pode influír como mai no seu fillo o día do Xuízo; na terceira redonda nesta idea, e subliña novamente que ela foi elixida por Deus para facerse home a través da súa maternidade, o que a capacita mellor que a ninguén para interceder diante del; a seguinte insiste neste poder de mediación de María, polo que, como di na cobra seguinte, sería unha necidade non encomendarse a

23 A cuestión da autoría está aínda por pechar, pero Ruiz Asencio descartou con rotundos argumentos (que tamén convenceron a X.L. Couceiro) que sexa obra do rei santo, e despraza a súa copia ata finais do s. XIII, principios do XIV.

ela. A última estrofa é case a repetición da primeira. Non coñecemos cales eran as pretensións do autor que parece querer poñer en práctica o recurso do paralelismo (literal e conceptual) para compoñer un texto cun inicio e un final que soaran idénticos, aínda que tampouco temos a seguridade de que a cantiga rematara onde remata para nós.

Á parte desta interpretación superficial, se descendemos un pouco máis ó detalle da transcripción paleográfica, a lectura do texto que nós propoñemos, como se pode observar, presenta moitas máis diverxencias con respecto á edición de López-Aydillo que á de Ruiz Asencio²⁴, porque os primeiros, aínda que moi voluntariosos, carecían seguramente dos medios, da pericia e da experiencia do segundo. Somos conscientes de que a nosa lectura tropeza nalgúns versos coa de Ruiz Asencio, e de que ofrecemos aquí unha interpretación arriscada que vou intentar defender no espazo que me queda, aínda que para argumentacións máis sólidas, o lector terá que esperar a un traballo que xa está en marcha, menos restrinxido polas coordenadas espazo-temporais.

Como se poderá advertir só con confrontar a terceira franxa coa nosa proposta, hai algunhas discrepancias máis de forma que de fondo, como, por exemplo, ás dos vv. 18, 37, 43 ou 49 que só merecen unha mención: Ruiz Asencio le correctamente o manuscrito pero fáltalle algo de intuición para acabar de transcribir; por iso deixa *falides, sene e segure* (o caso de *tortes* retomarémolo máis adiante).

Non resulta menos curioso que se lle escapara o apuntamento á marxe, e os correspondentes signos de envío para que se integrase no texto ese *tan gran* que xa sinalamos nas notas a rodapé. No caso do v. 5, é obvio que o copista se deu conta de que faltaba algo para que o cómputo silábico cadrase e corríxese adecuadamente coa inclusión das dúas sílabas das que el deixa constancia na marxe esquerda. O problema preséntao o v. 18 que, coa inserción do segmento, resulta un verso hipérmetro, aínda que tendo en conta o primitivismo do texto, tampouco isto sería moi sorprendente. Non obstante, algo máis abaixo, si existe un verso no que encaixaría perfectamente, incluso para completar as dúas sílabas que lle faltan: o v. 28. Lamentablemente, non somos quen de ver ningún signo de envío por ningures, pero parece que o copista se deixa levar polo substantivo *ben* e responde tal como o fixo un chisco antes, cando se topou cun erro diante do mesmo substantivo. Por outra parte, non sabemos como podía ser o v. 28, porque o único que se aprecia, e de xeito moi claro, é *Te poder*. Re-construímos o posesivo, pero, ¿quen pode asegurar que o copista deixou fóra, non só

24 Non tomamos en consideración a edición de X. Filgueira Valverde, “A cantiga marial atribuída a san Fernando”, *Terceiro Adral*, Edicións do Castro, Sada-Coruña, 1984, pp. 64-67 porque nin está acompañada de transcripción paleográfica nin explica as súas escollas. Por outra banda, V. Beltrán e C. Alvar recóllena na *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid, Alhambra, 1985, pp. 402-403, seguindo a edición de López-Aydillo.

a vogal, senón un *teu gran* ou, incluso, un *tan gran* que marcou para a súa inserción onde non debía?

Máis fácil de explicar é a lectura que propoñemos para o v. 23: o texto di claramente *Virgin do bon falecer*; a advocación é, certamente, chocante, pero non deixa de ser unha peza máis, que encaixa perfectamente no quebracabezas da cantiga.

Como xa dixemos arriba, o texto é unha súplica á María mediadora, función que se lle atribúe á Mai de Deus desde o principio dos tempos. A mensaxe de que Deus tivo que morrer como home para salvar os homes está na base do culto mariano porque para eso, Deus precisaba dunha muller para poder morrer. Sen a existencia de María, con todas as virtudes que a adornan, o sacrificio de Cristo non podería ter lugar e, por tanto, a humanidade quedaría condenada por sempre ó pecado herdado dos nosos primeiros pais. De aí que en calquera himno mariano se insista na encarnación, que aínda sendo una cualidade do Fillo, só é posible grazas á existencia dunha mai. Nesta brevísima explicación condénsase un dos piares esenciais do cristianismo, por iso non é de estrañar que sexa un dos eixes temáticos da maioría das cantigas de loor que compuxo Afonso X na honra da Virxe, como o é tamén nestoutra, focalizado na segunda estrofa que, como se pode observar, é, conceptualmente, a parte máis forte da cantiga.

Da condición de mai que ostenta a Virxe despréndese a súa calidade primordial e máis necesaria para o home: ela é a mellor intercesora ante Deus no día do Xuízo porque só ante a súplica de súa mai se pode abrandar o corazón do fillo. O cristianismo quere un deus imparcial que reparta xustiza, pero tamén quere un deus clemente que se apiade do home, por grandes que foran as faltas que este cometera. Para ese deus bifronte, o cristianismo precisa tamén da existencia de María, porque sendo ela mai de Deus e mai dos homes sitúase entre ambos os extremos con igual nivel de compromiso, aplacando a ira dun e suplicando pola salvación dos outros (vv. 10 e 18). Por iso nesta cantiga se insiste na condición de mediadora da Virxe e non coido que sexa por casualidade que a existencia dunha rima derivada nun texto tan arcaizante como este sexa, precisamente, a dos vv. 2 e 10 xogando co verbo *mantener* co amplo sentido de ‘protexer’: hai un Deus protector, fillo da mai protectora da humanidade.

A cobra seguinte redonda, como adoita ser habitual, no mesmo concepto. Diante desta “nosa coita” (v. 19), Deus viuse na obriga de morrer por nós e escolleuna a ela, *Maria gratia plena*, para nacer e poder morrer. Por iso é invocada como a “Virgin do bon falecer” (v. 24), porque, por unha banda ela propicia a morte de Cristo e, pola outra, acompáñanos no último momento para que teñamos boa morte²⁵, tanto no senso físico de ter unha morte tranquila e suave, libre de medo ó pecado, como —e sobre

todo— no espiritual, impedindo a morte ós ollos de Deus, a morte no día do Xuízo no que nos apartaríamos definitivamente de Deus, convertendo aquela morte nun sacrificio inútil: esa sería a “nosa maior coita” (v. 26). Pero a intervención da Virxe cambiaría a morte eterna pola contemplación de Deus, cos demais santos e beatos mortos en graza; iso é o que se expresa no v. 27, que Ruiz Asencio só chega a reconstruír como se se tratara da iteración do v. 24. Neste contexto resalta dobremente a oportunidade do verbo *mantener*, de tan escasa frecuencia nos textos medievais galego-portugueses no sentido metafórico de “conservar a vida”²⁶ que é como aparece neste texto, pero facendo alusión á vida eterna, á vida despois “do bon falecer”. Se os editores anteriores transcriben “Virgin do bon parecer”, no canto de “bon falecer” de clarísima lectura no manuscrito, será, seguramente, polo inusual do apelativo²⁷ fronte ó tan recoñecible “bon parecer”, tan recorrente na lírica mariana anterior, coa que comparte o resto da adxectivación, incluso nesas secuencias trimembres que tanto chaman a atención na primeira estrofa (e dirixiron a mirada de López-Aydillo cara á cantiga 340²⁸) e as de sobra coñecidas metáforas da (pen)última.

Un dato máis que reforza a conveniencia da lectura que propoñemos ofréceo o v. 18, e esta vez coincidimos parcialmente con Ruiz Asencio²⁹, que, non obstante, non ve en *tortes* máis que un adxectivo cando nós cremos que cadra mellor *tort' es*, tendo en conta todo o aclarado anteriormente, xa que quen dirixe a súplica, consciente de ter anoxado a Deus, invoca a María, indefenso, espiritualmente espido, e acolléndose ó único que nesa situación o pode socorrer: a intervención da Mai.

Confiamos en que queden así xustificadas as nosas opcións na transcripción do texto. Queda aínda outra, a do verso 24, se cadra a máis rechamante, pero esa quedará para outra ocasión.

25 Corriximos a grafía do verbo *sperecer* (v. 25) por *perecer*. É este un verbo inusual nos textos galego-portugueses da Idade Media. Cando aparece, faino grafado *perecer*, nunca *sperecer* nin *esperecer* e sómentes na prosa documental. Non se rexistra na lírica e só unhas cantas veces nas *Cantigas de Santa María*.

26 Vid. *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (E. Seoane et alii, eds.), *Verba*, anexo 57 (en versión electrónica).

27 **Advocación que non aparece nunca nas *Cantigas de Santa María***, aínda que tematicamente aparece na 75, na 123, na 237, na 284 e na 384.

28 **Permítasenos, non obstante, suxerir ó lector a lectura da cantiga 30 de Afonso X.** Vid. para un amplo comentario desta cantiga, *As cantigas de Loor de Santa María* (E. Fidalgo et alii, eds.), Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, pp. 92-103.

29 **Fronte a *tortes* proposto por López-Aydillo**, que intenta xustificar a través do verso anterior, interpretando que a humanidade que lle roga á Virxe está en condicións penosas despois de ter ofendido tanto a Deus.

Bibliografía

- COUCEIRO, J. L. , “La cantiga anónima del Beato de Valcavado”, *Homenaje a Alonso Zamora Vicente* (C. Alemany, ed.), Universidad de Alicante, 2003, vol. II, pp. 527-536.
- Dicionario de dicionarios do galego medieval* (E. SEOANE *et alii*, eds.), *Verba*, anexo 57 (en versión electrónica).
- FIDALGO, E. *et alii*, eds, *As cantigas de Loor de Santa María*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004.
- FILGUEIRA VALVERDE, X., “A cantiga marial atribuída a san Fernando”, *Terceiro Adral*, Edicións do Castro, Sada-Coruña, 1984, pp. 64-67.
- LÓPEZ-AYDILLO, E. - S. Rivera Manescau, “Fernando III, poeta gallego-portugués. Una cántica desconocida del rey santo”, *Revista Histórica*, 1,1918, pp. 3-12 e 2, 1918, pp. 33-72.
- RUIZ ASENCIO, J. M., “El código del beato de Valcavado” en *Betao de Valcavado. Edición facsímil*, Universidad de Valladolid, 1993, pp. 37-48.